



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Carta Pastoral no Día do Corpus Christi. 14 xuño 2020.

“Adoremos ao Santísimo Sacramento”

Queridos diocesanos:

A solemnidade do Corpus Christi anímanos a profundar o que a Eucaristía significa na Igrexa para a vida dos crentes en Cristo. Este ano oríentanos o lema: *“Sentado á mesa con eles”* (Lc 24,18), lembrando a pasaxe dos discípulos de Emaús.

O Señor no camiño da pandemia

Tamén nestas circunstancias “o Señor, compadecido da nosa enfermidade pandémica, da nosa desesperanza e soidade, convídanos a atoparnos con El no camiño e a sentarnos a comer á súa mesa. Espera así que, unidos a El, nos convertamos en testemuñas da fe, forxadores de esperanza, promotores de fraternidade e construtores de solidariedade no medio desta situación tan dolorosa que estamos a atravesar”¹. Neste horizonte é oportuno lembrar que “a Igrexa vive da Eucaristía. Esta verdade non expresa soamente unha experiencia cotiá de fe, senón que encerra en síntese o núcleo do misterio da Igrexa. A sacra Eucaristía, en efecto, contén todo o ben espiritual da Igrexa, é dicir, Cristo mesmo, a nosa Pascua e Pan de Vida, que dá a vida aos homes por medio do Espírito Santo. Por tanto a mirada da Igrexa diríxese continuamente ao seu Señor, presente no Sacramento do altar, no cal descobre a plena manifestación do seu inmenso amor”². A Eucaristía, “misterio da nosa fe”, revitaliza a nosa condición cristiá. A solemnidade do Corpus Christi é especialmente un día de loanza e de adoración, de gratitude e de súplica a quen intercede constantemente por nós ante Deus Pai (cf. Rom 8,34) e que quixo quedar connosco ata o fin dos tempos (cf. Mt 28,20), dicíndonos que *“canto fagamos aos demais a El facémosllo”* (cf. Mt 25,40). Este ensino de Xesús lévanos a recoñecerlle no rostro de todas as persoas, sobre todo nas máis necesitadas que a sociedade deixou ao carón *na cultura do descarté*.

¹ Mensaxe da Subcomisión episcopal de acción caritativa e social, 2020, 1.

² XOÁN PAULO II, *Ecclesia de Eucharistia*, 1.

Eucaristía e Caridade

“Non podemos enganarnos: polo amor recíproco e, en especial, polo desvelo polo necesitado seremos recoñecidos como discípulos auténticos de Cristo (cf. Xn 13,35; Mt 25,31-46). Este é o criterio básico mercé ao cal se comprobará a autenticidade das nosas celebracións eucarísticas”³. Participar na Eucaristía conleva asumir o compromiso de vivir en comunión cos demais, non esquecendo a dimensión social e caritativa da nosa fe. “No corazón do Evanxeo está a vida comunitaria e o compromiso cos outros”. Neste sentido, Cáritas é a mesma Igrexa, co seu carácter comunitario e, por tanto a prolongación da manifestación de amor de Xesús Cristo. Ha de ser factor de animación da comunidade e na comunidade, proxectándose cara á sociedade co anuncio salvífico e os xestos proféticos, como luz posta no candeeiro, e urxíndonos cara a un efectivo amor fraterno con cada ser humano.

Día da Caridade

A Igrexa en España, ao escoitar os latexos do corazón de cada persoa que sempre é sagrada, fai coincidir coa solemnidade do Corpus o Día da Caridade, convidándonos a transformar a realidade na que nos atopamos. Neste sentido, ocupan un lugar privilexiado os pobres. O amor a estes é evanxeo que acolle, abraza, e libera. A *opción polos pobres* é “como unha forma especial de primacía no exercicio da caridade cristiá, da cal dá testemuño toda a tradición da Igrexa”⁴. Deste xeito percíbese a relevante dimensión do compromiso caritativo, parte integrante do anuncio da obra salvadora e liberadora de Xesús. O pobre interpélanos e axúdanos a evanxelizarnos. Como pobo que peregrina cara a Deus, a acción caritativa ha de realizarse na Igrexa, coa Igrexa e ao servizo da Igrexa, “que sen deixar de gozarse coas iniciativas dos demais, reivindica para si as obras de caridade como deber e dereito propio que non pode allear”⁵. Quen acolleu o amor de Deus, sente a necesidade de manifestalo a través das súas obras. Por iso, “quen queira vivir con dignidade e plenitude non ten outro camiño máis que recoñecer ao outro e buscar o seu ben”⁶.

Agradecéndo-vos a vosa xenerosa colaboración económica con Cáritas para axudar aos necesitados, saúdavos con todo afecto e bendí no Señor,



+ Julián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela.

³ XOÁN PAULO II, *Mane nobiscum Domine*, 28.

⁴ FRANCISCO, *Evangelii gaudium*, 198.

⁵ Concilio Vaticano II, Decreto “*Apostolicam actuositatem*”, 8.

⁶ XOÁN PAULO II, *Mane nobiscum Domine*, 9.